



IES de Mugardos. Departamento de GALEGO

MATERIA	Ámbito Lingüístico-Social
PROFESOR/A	M ^a Consuelo Gundín Rey

ESO

PMAR 3º

ESO

2016 - 2017

CONTIDOS

LINGUA GALEGA

LINGUA CASTELÁ

CIENCIAS SOCIAIS

1º TRIMESTRE

A acentuación.
Orixe e evolución da nosa lingua. Linguas de España. Bilingüismo e diglosia. Clases de palabras. Campo léxico e familia léxica. Sinonimia e antonimia. Connotación e denotación. Busca de información na biblioteca. Literatura galego-portuguesa medieval.

2º TRIMESTRE

Grafías dubidasas. Morfoloxía: substantivos, verbos, adverbios, preposicións e conxuncións. Tipos e propiedades dos textos. Séculos Escuros e Ilustración.

3º TRIMESTRE

Puntuación. Literatura do século XIX: Rosalía, Curros e Pondal.

PROXECTO:
A nosa árbore xenealóxica e o papel das mulleres nas nosas familias.

1º TRIMESTRE

A acentuación. Siglas e abreviaturas. Clases de enunciados,. As oracións. Os sintagmas. A polisemia. A literatura medieval castelá.

2º TRIMESTRE

Morfoloxía: artigos, determinantes, adxectivos e pronomes. A composición de palabras. Os medios de comunicación. A prensa. Os textos xornalísticos.

3º TRIMESTRE

Grafías dubidasas. Puntuación. Desviacións da norma: loísmo, laísmo, leísmo, dequeísmo e queísmo. Sintaxe: complementos do verbo. Literatura renacentista e barroca.

PROXECTO:
As mulleres na historia.

1º TRIMESTRE

A globalización. A desigualdade social

A época dos grandes descubrimentos xeográficos.

A expansión económica dos séculos XV e XVI.

2º TRIMESTRE

A organización política das sociedades.

A organización económica das sociedades.

As actividades comerciais e os fluxos de intercambio.

A agricultura, a gandaría, a pesca e a silvicultura.

A minaría, a enerxía e a construción.

A industria.

Os servizos, a comunicación e a innovación.

Os transportes e o turismo.

O nacemento do mundo moderno.
O Humanismo.

O Renacemento, unha nova
concepción da arte.

Organización dos reinos hispánicos
baixo os Reis Católicos a
sociedade deste período.

O auge da monarquía hispánica.
Carlos I e Filipe II.

A decadencia do Imperio dos
Austrias: Filipe III, Filipe IV e Carlos
II.

A Europa do século XVII.

A ciencia e a arte do Barroco.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas (test, proba por competencias, proba de contidos, autoavaliación) e orais. PROXECTO (elaboración e presentación)	70%
Lectura	10%
Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, textos argumentativos, narrativos, descritivos, debates...	20%
Total	100%

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Esta non se realizará se nalguna das probas escritas ou orais (incluída a do libro de lectura) se obtén menos dun catro. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas.

Sumarase en cada proba ata 2 puntos pola corrección e calidade da expresión.

Se un alumno/a falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos: non se recollen fóra de prazo.

No caso de detectar que se copia nun exame, retirarase a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. De negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, terá un cero.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación. As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso ou no exame final.

Na proba extraordinaria de setembro entra todo o temario e as lecturas acordadas co alumnado.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Participaremos na Hora de Ler partindo dunha escolla individual libre na biblioteca do centro. Ademais, haberá outras obras para combinar a súa lectura grupal en voz alta nas nosas clases e a lectura individual na casa:

1ª avaliación) ROSA ANEIROS: *Ás de bolboreta*, Xerais

e WOLFGANG KORN: *La vuelta al mundo de un forro polar rojo*, Siruela.

2ª avaliación) CÉSAR MALLORQUÍ: *As lágrimas de Shiva*, Edebé.

3ª avaliación) DEBORAH ELLIS : *El pan de la guerra*, Edelvives.

TIC

Visionados de cine e análise cinematográfica.

Novas entradas para o blog galilandia.blogspot.com.es.

Presentacións audiovisuais.

Gravacións de audio e video.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

- Participación nas actividades do EDL (por exemplo, pode subir ata 1 punto na nota do trimestre a participación exitosa nos concursos propostos).
- Participación no proxecto de centro: “**Nós, femininoplural**”.